

## Confirmado o primeiro pinchazo da propaganda da Consellaría na oferta de prazas nas oposicións docentes

*A CIG-Ensino denunciou, cando se negociou na Mesa Sectorial a oferta de emprego deste ano, que a Consellaría inflaba descaradamente as cifras das prazas ofertadas. As listaxes provisionais de aspirantes admitidos e excluídos confirma a farsa da propaganda do PP ao pasar das 2.050 prazas anunciadas inicialmente a un máximo de 1.853.*

Especialidade	Prazas A2-A1	Aspirantes Matriculados	Nº mínimo de prazas que ficarán sen cubrir
Lingua Castelá e Literatura	25	3	22
Xeografía e Historia	22	8	14
Matemáticas	52	1	51
Física e Química	29	1	28
Bioloxía e Xeoloxía	21	2	19
Inglés	18	9	9
Orientación Educativa	12	43	0
Tecnoloxía	22	5	17
Lingua Galega e Literatura	23	2	21
Intervención Sociocomunitaria	6	15	0
Organización e Xestión Comercial	8	0	8
Organización e proxectos de sistemas enerxéticos	5	12	0
Procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos	5	2	3
Procesos Sanitarios	6	1	5
Sistemas electrotécnicos e automáticos	8	9	0
	<b>262</b>	<b>113</b>	<b>197</b>

Confírmase a denuncia da **CIG-ENSINO**. Da cifra de **2.050** prazas vendida pola Consellaría como "histórica" pasaríase a **1.853**, sempre no caso de que se se presentasen e aprobaran todas as persoas matriculadas,

*2.050 prazas. Esa foi a cifra que ocupou os titulares de prensa e a sección de propaganda da web da Consellaría nos días posteriores á negociación na Mesa Sectorial da oferta para acceder aos diferentes corpos docentes en Galiza, sempre con carácter laudatorio e como unha especie de novo fito nas prazas ofertadas.*

A CIG-Ensino presentou un estudo no que desmontaba esas cifras, alertando de que o número de prazas para o acceso desde o grupo A2 (corpos de mestres e de profesorado técnico de FP) ao corpo de PES estaba

totalmente descompensada ao respecto da evolución da demanda destes últimos anos. Para o sindicato, esa decisión de inflar de xeito desproporcionado estas prazas só podía corresponder a unha estratexia da Consellaría para vender unha oferta de prazas maior da realizada.

Na CIG-Ensino apostamos desde sempre pola promoción interna, e este acceso do grupo A2 ao A1 é un dos escasos mecanismos de promoción ao longo da vida profesional do persoal docente, mais estamos absolutamente en contra de que se xogue con esta

vía para un beneficio meramente propagandístico da Consellaría e dos aliados habituais.

Unha vez coñecida a lista provisionaria de persoas admitidas, os datos constatan a nosa denuncia previa, xa que só no caso de que todas as persoas matriculadas se presentasen e aprobasen, habería 197 prazas menos na oferta de emprego. Por tanto, o número máximo de prazas a día de hoxe redúcese de 2.050 a 1.853 como se pode ver na táboa anexa.